

CÓDIGO ÉTICO DO BNG

O BNG asume publicamente o compromiso de facer efectivos os dereitos e liberdades dos galegos e das galegas. Por iso, o BNG aposta pola veracidade informativa, a transparencia e a tolerancia cero coa corrupción. Sabemos que o sistema democrático se fundamenta na confianza dos cidadáns, na honestidade e no comportamento ético dos servidores públicos. Por iso, o BNG comprométese a que as autoridades, altos cargos, funcionarios e traballadores ao servizo dos poderes públicos galegos, incluídas a súas fundacións e as empresas nas que teñan participación maioritaria, observen as recomendacións e convenios do Consello de Europa en materia de loita contra a corrupción e sobre comportamento ético dos servidores públicos, aínda que non teñan sido ratificadas polo Estado español.

Para alén das iniciativas legais e institucionais a que se fai referencia nas liñas seguintes, este compromiso suporá, por parte do BNG e os seus candidatos a asunción do seguinte código ético:

1. Os cargos públicos son propiedade pública

Os candidatos e cargos nacionalistas farán declaración pública de todos os seus bens ao inicio e ao remate do seu paso pola vida pública. O BNG xestionará un rexistro aberto onde figurarán esas declaracións.

Todos os altos cargos ao servizo dos poderes públicos galegos deberán realizar unha declaración pública do seu patrimonio, intereses e actividades profesionais e mercantís, antes da súa toma de posesión, e outra cando abandonen o seu cargo. Será competencia do Consello de Contas controlar a veracidade destas declaracións e impor as sancións que correspondan en caso de falsidade ou falta de complitude das mesmas.

2. Dar exemplo de austeridade e equilibrio institucional

Os candidatos e cargos do BNG practican a austeridade no manexo dos recursos públicos, separando sempre estrictamente o que son actividades institucionais e o que son actividades de partido.

3. Un cargo, un salario

Os candidatos e cargos do BNG manteñen un compromiso ético de incompatibilidade total na percepción de calquera salario ou dieta que non se corresponda exclusivamente co cargo que atenden. Este compromiso inclúe:

- O rexeitamento de calquera regalo ou favor que podan afectar á imparcialidade no desenvolvemento das súas funcións.
- A denuncia de calquera conduta de corrupción detectada no exercicio das súas funcións.
- Evitar os conflitos, reais ou eventuais, entre os intereses propios e o interese público.
- Absterse de utilizar a influencia ou as relacións adquiridas con ocasión do desempeño de funcións públicas en interese propio ou de terceiros, mesmo despois de ter abandonado o cargo ou función.

4. Propaganda cero

Os candidatos e cargos nacionalistas adquiren un compromiso de non utilización de fondos públicos en campañas de propaganda que, lonxe de propiciar a necesaria información á cidadanía, só serven como escuro sustento de intereses partidistas.

O goberno do BNG comprométese a limitar a actividade publicitaria dos poderes públicos galegos a fins estritos de servizo público. Eliminarase a publicidade institucional con fins propagandísticos e garantirase, a través das reformas legais apropiadas, que tanto a adxudicación dos contratos publicitarios como a distribución da publicidade institucional entre os diferentes medios de comunicación se realice pública e obxectivamente.

O goberno do BNG comprométese a fornecer aos cidadáns dunha información estatística e demoscópica pública fiable e inmediatamente accesíbel a través de Internet.

5. Clientelismo cero

Os candidatos e cargos nacionalistas promoven e aseguran a transparencia e a pluralidade nas contratacións públicas.

O goberno do BNG promoverá unha contratación pública eficiente no uso dos recursos públicos, eficaz na satisfacción das necesidades públicas e transparente na selección das empresas. En concreto, adoptaranse con carácter inmediato as seguintes medidas:

- Estabelecimento de criterios obxectivos e procedimentos transparentes para a adxudicación dos contratos públicos e introdución da obriga de realizar unha nova licitación cando o prezo inicial do contrato experimente, durante a súa execución, un incremento superior ao 15%.

- Introducción de criterios sociais – referentes á estabilidade, á seguridade laboral e á igualdade de xéneros – e ambientais na selección das empresas contratistas.
- Publicación inmediata a través de internet das adxudicacións de contratos, calquera que fora a súa natureza, indicando o prezo e as súas sucesivas variacións á empresa adxudicataria.
- Nos procesos de contratación máis relevantes de cada exercicio, a oposición sempre terá voz e voto no proceso de contratación.
- No seo do Consello de Contas creárase unha unidade especial encargada de controlar, dirixir – a meio de informes e recomendacións – e, no seu caso, sancionar, a actuación contractual dos poderes públicos galegos.

6. Absentismo cero

Os candidatos e cargos do BNG asumen un compromiso ético de profesionalidade e respecto á confianza da cidadanía. Os candidatos e cargos do BNG comparecen todos os días. Calquera ausencia non xustificada previamente, será obxecto de sanción e reprobación pública.

7. Transparencia total

Os candidatos e cargos do BNG promoven a transparencia nas contratacións públicas. O goberno do BNG comprométese a que os procedimentos de acceso aos empregos públicos se desenvolvan con publicidade en todos os seus trámites e se atean exclusivamente a criterios obxectivos de mérito e capacidade. A tal fin adoptará con carácter inmediato as medidas seguintes:

- Supresión nos procedimentos de selección de trámites discrecionais e potencialmente discriminatorios como a entrevista.
- Establecemento dunha Axencia Pública independente de control dos procesos de selección e promoción do persoal ao servizo dos poderes públicos galegos, independente e con poderes de paralización e

anulación en tempo real destes procesos e de sanción das irregularidades cometidas nos mesmos.

- Reforma das normas reguladoras da conformación dos tribunais e comisións xulgadoras, co fin de eliminar o control partidario das mesmas.

8. Coherencia e respecto institucional

Os candidatos e cargos do BNG non fan uso partidista das institucións. Dende o respecto e a tolerancia, os candidatos e cargos do BNG adican o 100 por 100 do tempo a defender os nosos valores e políticas, non a descualificar ou denigrar as propostas das outras forzas. Non usa nunca a confrontación nen a descualificación personal como arma política. Os candidatos e cargos públicos nacionalista debaten sempre e exclusivamente sobre principios e programas.

9. Accesibilidade plena

Os candidatos e cargos nacionalistas sempre están dispoñíbeis para a opinión pública. Os candidatos e cargos nacionalistas son os primeiros en propor debates públicos e sempre acudirán a eses debates cos outros candidatos.

10. Interactividade total

Os candidatos e cargos nacionalistas usan as novas tecnoloxías para interaccionar directamente coa cidadanía, en aberto e sen censuras.

Para garantir o cumprimento efectivo do establecido nos apartados anteriores, o goberno do BNG impulsará de forma imediata as seguintes **reformas institucionais:**

- Mellorar a dotación de medios persoais e materiais do Consello de Contas e reformar a súa lei reguladora para incrementar a súa independencia, atribuírlle potestades sancionadoras e extender o seu control ao financiamento dos partidos políticos e das campañas eleitorais en Galiza.
- Entanto a Fiscalía siga sen contar coas garantías esixidas polo Convenio Penal contra a Corrupción do Consello de Europa aínda non ratificado polo Estado español, o Consello de Contas exercerá a acusación pública en cantos casos de corrupción se detecten no seo dos poderes públicos galegos.
- Criazón dunha Axencia Pública independente de control dos procesos de selección de persoal ao servizo dos poderes públicos galegos.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2005